



Concello de Vimianzo

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2012

- 1ª.- Os participantes deberán inscribirse na Casa da Cultura ata o venres 17 de febreiro ás 14:00h.
- 2ª.- Entenderase por comparsa a agrupación composta por un mínimo de dez compoñentes, que desfilen ou realicen unha actuación, ben sexan coplas, bailes ou representacións.
- 3ª Entenderase por grupo os participantes de dous a nove membros que desfilen ou realicen unha actuación, ben sexan coplas, bailes ou representacións.
- 4ª.- As comparsas e grupos deberán gardar unha unidade temática tanto no seu vestiario coma na súa actuación.
- 5ª.- As comparsas e grupos deberán estar na praza do Concello o **luns 20 de febreiro ás 16:30h.** e farán un pasarrúas por Vimianzo ata as inmediacións da praza do concello, lugar onde se levarán a cabo as actuacións diante do xurado. No caso de mal tempo desprazaríase o concurso ao pavillón. Para poder participar no concurso é obrigatorio facer o pasarrúas por Vimianzo.
- 6ª.- A orde no pasarrúas e nas actuacións rexerese segundo o rexistro de inscrición.
- 7ª.- O xurado estará formado por representantes de medios de comunicación na Costa da Morte. Na selección dos premiados, o xurado terá en conta tanto a orixinalidade e confección dos disfraces como a representación ou actuación feita polos seus compoñentes.
- 8ª.- Os membros do xurado deberán elixir:
- A mellor comparsa
 - O mellor grupo
 - A mellor comparsa de Vimianzo
 - O mellor grupo de Vimianzo
- Se unha comparsa ou grupo de Vimianzo leva o mellor premio en xeral quedará excluído do premio local.
- 9ª.- Os premios para o concurso de disfraces son os seguintes:
- Premio á mellor comparsa: 300€
 - Premio ao mellor grupo: 150€
 - Premio a mellor comparsa de Vimianzo: 200€
 - Premio ao mellor grupo de Vimianzo:100€
- 10ª.- A participación supón a aceptación destas bases, sobre as que diante de calquera dúbida, prevalecerá a resolución que adopte o xurado por maioría simple dos seus membros. En contra das decisións do xurado non caberá ningún tipo de recurso.

Vimianzo, 23 de xaneiro de 2012

O alcalde

Manuel Antelo Pazos